



ESCOLA MUNICIPAL DE SURF 2021-2022

INSCRICIÓNS

- **Martes 26 de outubro no Pavillón Municipal Xurxo Otero de 9:00 a 13:00 para as persoas empadroadas en Nigrán**, as prazas ofertadas cubriranse por orde de inscrición e pago.
- **Mércores 27 de outubro no Pavillón Municipal Xurxo Otero de 9:00 a 13:00 para cubrir prazas vacantes**, nas cales tamén poderán inscribirse as persoas non empadroadas.

Procedemento:

1. Achegarse ao Pavillón Municipal na data e hora indicados para obter **ficha de inscrición numerada**. No momento en que se obtén a ficha resérvase a praza na actividade. A inscrición realizarase por **rigoroso orde de chegada**. As persoas que non obteñan praza incluíranse nunha **lista de espera** onde deberán indicar a preferencia de grupo.
2. Realizar o pago nas entidades bancarias indicadas neste documento **indicando no concepto a actividade e o nome** da persoa inscrita.

ES79 2080 5052 1330 4000 7973 – ABANCA

ES84 2100 4790 4002 0003 9907 – LA CAIXA

3. Entregar a **ficha debidamente cumprimentada e o xustificante de pago** no Pavillón Municipal en horario de 9:00 a 13:00 e de 16:30 a 20:30. Data límite **xoves 28 de outubro** de 2021. Ata o momento de facer entrega destes dous documentos non se considerará formalizada a inscrición.

NÚMERO DE PRAZAS: 30

DESTINATARIOS: nenas e nenos nados entre **2010 e 2013** ambos inclusive.

ORGANIZACIÓN

As 30 inscritas repartiranse en **5 grupos de 6 participantes**. Os horarios dos grupos son os seguintes:

Grupo A: luns ás 16:30

Grupo B: martes ás 16:30

Grupo C: martes ás 16:30

Grupo D: mércores ás 16:30

Grupo E: xoves ás 16:30

O **número mínimo** de persoas inscritas por grupo para que a actividade se leve a cabo será de **4**. En virtude da situación da emerxencia sanitaria **poderá suspenderse a actividade ou sufrir alteracións nos copos**, seguindo instrucións das autoridades sanitarias, xerando o dereito a **devolución dos meses non desfrutados**.



PREZOS

- O prezo das actividades é de **100€**. (Nos importes inclúese o seguro obrigatorio de accidentes).
- As persoas **empadroadas en Nigrán** terán dereito a unha **bonificación do 25% (75€)**.
- Terán dereito a unha **bonificación do 50% (50€)** as persoas empadroadas en Nigrán que se atopen nunha **situación de necesidade ou de dificultade económico-financieira** e que pertencen a unha unidade familiar, cuns ingresos que non superen os que se indican na seguinte táboa (en cómputo bruto anual no ano anterior o que se desenvolven as actividades citadas), tendo en conta que partires do terceiro membro engadirase un 20 % ao Salario Mínimo Interprofesional por cada novo membro da unidade familiar:

NÚMERO DE MEMBROS	IMPORTE MENSUAL
1 ou 2	IMPORTE S.M.I. * X 14
3	(20% S.M.I. + S.M.I. *) X 14
4	(40% S.M.I. + S.M.I. *) X 14
5	(60% S.M.I. + S.M.I. *) X 14
6	(80% S.M.I. + S.M.I. *) X 14
7 ou máis	(100% S.M.I. + S.M.I. *) X 14

*- A unidade familiar, e a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos/as solteiros e menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar.

** - Para solicitar a bonificación do 50% deberase presentar unha **instancia no Rexistro do Concello de Nigrán**, xunto coa seguinte documentación:

- fotocopia do DNI do solicitante ou titor/a

- fotocopia do libro de familia

- fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade familiar (debendo xustificar os ingresos na totalidade anual mediante nóminas, declaración da renda, certificados de pensións, certificados do INEM, declaración xuradas de ingresos, así como calquera documentación relevante para xustificar os ingresos e número de membros da unidade familiar).